



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

/:Por un ano por un día:/
/:inda me faltaba i-outra
pola mesma picardía:/

Ie vai de rondiña
e vai de rondá
e vai de rondiña
a noite todá,
a noite todá,
o día tamén
e vai de rondiña
o día tamén.

Cásate conmigho nena
se queres gaña-lo ceu-e
aghora non hai inferno, lará,
o demo mateino eu-e.

E vai de rondiña
e vai de rondá
e vai de rondiña
a noite todá,
a noite todá,
o día tamén
e vai de rondiña
alele lá...

María, miña María
muito ben ch'hei de querer-e,
cando vou ó teu muíño, lará,
siempre me deixas moer-e.

Home ti rico serás-e
pro millo colles ben pouco,
post'ón lado do cabaso, lará,
ves'ó día polo outro.

/:Eu casar ben me casaba:/
manter fillos e muller-e, lará,
manda caragho na Habana.



Ni como, ni bebo,
ni puedo llorar,
a ver si...
me van a olvidar
me van a olvidar
me van a olvidar.
Ni como, ni bebo,
ni puedo llorar.

Miña nai tén tres ovellas,
todas chemas ha de dare,
unha coxa i outra cega, lará,
outra xa non pod´andar-e.

Miña nai que me pariches
en qué terra me deixaches?
antre toxos e carrascas, la ra,
miña nai, que me mataches.

Todos me din que me case
todas me din que vou ben
todas me din que me case
pero non me din con quen.

O viño vaise bebendo
o cariño vai entrando
a honra vaise perdendo.

S´a miña filla casa

...

Caseime por un ano
por saber... casar
busca la mujer morena
que de la blanca y la rubia
de cientos sale una buena.

Miña nai a mais meu pai
quedan cun ruído armado,
por causa dunha ghaliña
que tén amistá cun ghalo.

Porque me casei un ano,
porque me casei un día,
porque me casei un ano
nun faltou quen me quería.